



2º Educación Primaria

PROGRAMACIÓN ANUAL

CURSO 2020-2021

CEIP BARRANTES- TOMIÑO

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización da programación.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos, contidos , criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución para superar a materia.
5. Actividades e temporalización.
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.
7. Metodoloxía.
8. Materias e recursos didácticos, incluídos libros de texto.
9. Criterios de avaliación, e de cualificación e promoción.
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
12. Medidas de atención a diversidade.
13. Actividades complementarias e extraescolares.
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
15. Plan de actividades reforzo/recuperación para o alumnado que repite ou promociona con algunha materia pendente.
16. Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia.
17. Consideracións específicas no caso de interrupción da actividade lectiva presencial.
18. Profesorado que imparte docencia no grupo.

1. **Introdución e contextualización da programación.**

Esta PD desenvolverase nun contexto excepcional debido á Covid-19 e ao abeiro das Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. Así mesmo, é importante destacar que o funcionamento diario do centro así como as actividades lectivas veranse condicionadas ou parcialmente modificadas ao abeiro do Plan de adaptación á situación Covid-19 do noso centro educativo.

Por mor desta situación , durante este curso escolar debemos facer unha programación flexible na que teñan cabida todas as aprendizaxes que quedaron sen traballar durante o curso pasado como consecuencia da Covid.

Polo que debemos partir do nivel de coñecemento de cada alumno/a no momento que se suspenderon as clases de xeito presencial.

Para facilitar esta labor cada titor/a coas aportacións dos mestres/as especialistas realizou ao final de curso un informe individualizado de cada alumno/a.

- ***Características do entorno***

O CEIP Barrantes é dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Atópase emprazado nunha aldea de Tomiño, Barrantes, concello rural do interior, que dista a poucos quilómetros do país portugués. Conta con unha poboación adicada principalmente ao sector primario (explotacións agrícolas de invernadoiros) e o da construción. Nos últimos anos, no centro da vila, iniciouse un considerable desenvolvemento dos sectores urbanísticos e comercial e os servizos con que se conta na zona son moi diversos (culturais, deportivos, asociativos...) O nivel socio-económico-cultural medio é o predominante.

En canto á lingua, o medio familiar e social en xeral é galego falante, aínda que non podemos deixar de mencionar a contradición que culturalmente se presenta na insistencia de grande parte dos pais e nais en educar aos fillos e fillas en castelán. Paralelamente a esta situación, conséntase unha actitude positiva cara a aprendizaxe da lingua galega tanto do alumnado como das familias.

- ***Características do centro educativo***

O C.E.I.P. Barrantes conta con tres unidades de Educación Infantil e seis de Educación Primaria. O edificio é de dúas alturas. No exterior conta cun patio cuberto e outro aberto ao aire libre de gran amplitude (pistas deportivas) e delimitado polas zoas axardinadas que bordean o muro de peche do recinto escolar.

A dotación material do colexio é suficiente, incluíndo tamén novas tecnoloxías da información e comunicación. No relativo aos recursos humanos o persoal docente organízase segundo esta distribución: 3 mestras titoras de E.I. 6 de E.P., 1 de P.T. e outra de A.L. -compartida con outro centro do concello-, 1 mestra especialista en lingua inglesa, 1 mestre especialista en educación musical, 1 mestra especialista en E.F., 1 mestra de relixión e 1 orientadora tamén compartidas. O persoal non docente o constitúe 1 coidadora, unha cociñeira, unha axudante de cociña, o persoal de atención ao alumnado no horario de comedor e o de limpeza.

Por outra banda, o centro conta cos seguintes órganos de goberno: unipersoais (director, xefa de estudos e secretaria) e colexiados (Claustro de Profesores e Consello Escolar) e tamén órganos de coordinación docente: Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística – denominado así no artigo 18 do D.124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo- e Titores. Ademais o C.E.I.P. está adscrito a un Departamento de Orientación situado noutro centro escolar do concello e a orientadora visítanos os luns e mércores.

Dende os últimos anos conta tamén cunha Asociación de Nais e Pais que, entre outros cometidos, ocúpase da organización das actividades extraescolares.

O servizo complementario de transporte e comedor ten unha alta demanda.

A porcentaxe de alumnado estranxeiro matriculado no centro é pouco significativa e a do alumnado que se acollen voluntariamente a cursar a área de Relixión Católica é maioritaria.

O horario do centro, de xornada continua, é de 9:30 a 14:30 horas. Prestando tamén servizo de comedor. Os mestres permanecemos no centro máis tempo os martes para a atención a pais -de 16 a 17 horas- e reunións entre o profesorado -de 17 a 18:30 horas-.

Con relación ao contexto legal, a miña programación supón a concreción do D.105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, PXA e o P.E a un entorno determinado, para o curso 2020-21 e corresponde a 2º de primaria.

Na elaboración da miña programación tiven en conta O Proxecto Educativo, xa que este aporta datos sobre a análise do contexto, da ubicación do centro, demografía, nivel sociocultural... Aporta información sobre a organización do centro, necesario para adaptar o traballo ao medio sociocultural, enfocado a que o alumnado interiorice o seu medio e a súa realidade, para que progresivamente pense globalmente e actúe localmente.

- ***Características do alumnado.***

Respectando o establecido no Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos e na Orde do 17 de marzo que o desenvolve, o grupo de 2º está formado por 10 alumnos e alumnas. Cómpre ter en

conta as características individuais do alumnado xa que condicionan de xeito decisivo a intervención docente.

Na aula atopámonos con catro nenas e seis nenos.

No 2º nivel hai un alumno que asiste a sesións de AL.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A Lei 8/2013 do 9 de decembro da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), e o Decreto 105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, na que está baseada esta programación, establece as seguintes competencias clave:



As competencias clave implican unha nova forma de “ensinar e aprender” moito máis práctica porque require preparar actividades que posibiliten ao alumnado a aplicación do aprendido. Debemos, polo tanto, facilitarlle e achegarlle situacións prácticas, o máis reais posibles.

3. Obxectivos, contidos , criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade..
- e) Coñecer e empregar a lingua galega e a castelá e desenvolver hábitos de lectura..
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciación á actividade científica. ▪ B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. ▪ B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. ▪ B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. O traballo cooperativo. ▪ B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. ▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificación e observación das partes do corpo humano. ▪ B2.2. Relación co medio e co seu contorno. ▪ B2.3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. ▪ CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	funcións vitais. ▪ B2.4. Aceptación do propio corpo e do dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades. ▪ B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia, felicidade) e sentimentos propios e alleos.		▪ CNB2.1.3. Verbaliza comparte emocións sentimentos propios e alleos.	▪ CMCCT e ▪ CSC e ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m	▪ B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. ▪ B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.	▪ B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	▪ CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. ▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Pirámide alimentaria. ▪ B2.9. Alimentos diarios necesarios. ▪ B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes. ▪ B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. ▪ CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos... ▪ B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as. ▪ B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos. ▪ B3.6. Respecto polos seres vivos do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida. ▪ B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. 	<p>para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza. ▪ B4.5 Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<p>BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</p>				

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas. ▪ B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar. ▪ B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5 Coidado dos recursos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> coidando o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB5.2.2. Emprega ordenador de forma guiada e fai un bo uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				
<ul style="list-style-type: none"> b d e h i 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a iniciación ao coñecemento científico. B1.2.Propostas de traballo que surdan dunha situación problema, acontecemento ou 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organízala, extraer conclusións e comunicalas sen 	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CD CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>inquiétude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3.Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analízala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións. ▪ B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. 	<p>esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas cuidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5.O traballo en equipo. ▪ B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo. ▪ B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material. ▪ B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1.Investigamos sobre os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> o 	e os uso responsable desta empregando as TIC.	fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
		<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CAA
<ul style="list-style-type: none"> a h o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2.Os ecosistemas da contorna e o ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CCL
		<ul style="list-style-type: none"> B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha característica máis significativa destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.6.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5.Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.8.1. Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía... 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
		<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> a h d 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais... 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.4.1. A mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,.. propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ g ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son as máis 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	usuais. Indagar sobre todo en aquelas que o alumnado descoñeza, as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados.	fábricas ou ao aire.	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> a h n 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6.Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.				
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1.Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2.O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> h g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3.Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte,os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5.Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor). ▪ B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. ▪ B4.11. Separación de compoñentes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CD

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</p> <ul style="list-style-type: none"> B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. B4.13. Normas de prevención de riscos. 		<ul style="list-style-type: none"> CNB4.4.4. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación. CNB4.4.5. Respeita as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CMCCT CSC
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
<ul style="list-style-type: none"> e h 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade. B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan. CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CMCCT CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.3. Observa e identifica algunhas das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5 2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas. ▪ B5.5. Elementos dos circuitos eléctricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuito eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	de Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Efectos da electricidade. B5.7. Condutores e illantes. B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo. 		<ul style="list-style-type: none"> CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> e h 	<ul style="list-style-type: none"> B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade. B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos. B5.11. Importantes descubrimentos e inventos. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC CMCCT CCL CSC CCEC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	de Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo : participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. ▪ LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita, espera de quendas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementan o significado da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel. LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c	<p>VSC-B3.6-A resolución de conflitos. A linguaxe positiva de comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.</p>	<p>VSC-B3.4-Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.</p>	<p>VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade. VSCB3.4.2. escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente. VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito. VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.</p>	<p>CSC CSIEE CCL</p>
a	<p>VSC-B3.7-Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.</p>	<p>VSC-B3.5-Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.</p>	<p>VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade de alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas. VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar. VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.</p>	<p>CSC CL CSIEE</p>

d,m	VSC-B3.8-As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.	VSC-B3.6-Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	CCL CSC CSIEE
c,k	VSC-B3.9-Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico. VSC-B3.10-Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.	VSC-B3.7-Tomar medidas preventivas, e valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos. VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade devida. VSCB3.7.3.Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	CSIEE CCL CSC

ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE	
BLOQUE	CONTIDOS
B1. A identidade e a dignidade da persoa	<ul style="list-style-type: none"> • Proposta de obxectivos e metas. • autocontrol fronte aos medos. • A valentía. • A prudencia. • O consumismo fronte ao consumo responsable.

B2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración das normas de aula. • Elaboración de normas básicas de convivencia. • A amizade. • A amabilidade.
B3. A convivencia e os valores sociais	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación de situacións nas que non se respectan as persoas. • Valorización da importancia de respectar os dereitos das nenas e nenos.

2º TRIMESTRE

BLOQUE	CONTIDOS
B1. A identidade e a dignidade da persoa	<ul style="list-style-type: none"> • Percepción e recoñecemento das emocións. • O esforzo individual e colectivo.
B2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	<ul style="list-style-type: none"> • A tolerancia. • Traballo en equipo. • A empatía. • A escoita activa.
B3. A convivencia e os valores sociais	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización da linguaxe verbal e non verbal para resolver conflitos. • Valoración da igualdade de dereitos entre mulleres e homes.

3º TRIMESTRE

BLOQUE	CONTIDOS
B1. A identidade e a dignidade da persoa	<ul style="list-style-type: none"> • A autoestima. • O autocoñecemento. • A iniciativa. • A toma de decisións.
B2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	<ul style="list-style-type: none"> • Tolerancia e respecto por outras culturas. • A aserción. • Utilización de estratexias de escoita activa.
B3. A convivencia e os valores sociais	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración das normas de seguridade viaria. • Coidado da natureza. • Adquisición de hábitos de vida saudables.

Táboa de relación entre elementos curriculares

TÁBOA DE ELEMENTOS CURRICULARES (2º EP)

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	de Estándares de aprendizaxe	de C.C.
Bloque 1: Educación audiovisual				
j,e	<p>EP-B1.1-Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.).</p> <p>EP-B1.2-Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.).</p>	<p>EP-B1.1- Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica.</p>	<p>EPB1.1.1. -Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.</p>	<p>CCEC CCL</p>
e,j	<p>EP-B1.3-Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos.</p> <p>EP-B1.4-Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística.</p> <p>EP-B1.5-Descrición de imaxes presentes no contexto.</p> <p>EP-B1.6-Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.).</p>	<p>EP-B1.2-Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.</p>	<p>EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.</p> <p>EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.</p>	<p>CCEC CCL</p>

j,e	<p>EP-B1.7-Manipulación de objetos cotiáns con diferentes texturas e formas.</p> <p>EP-B1.8-Descripción verbal de sensacións e observacións.</p>	<p>EP-B1.3- Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.</p>	<p>EPB1.3.1. Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades.</p> <p>EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.</p>	<p>CCEC CCL</p>
j,e	<p>EP-B1.9-Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.</p> <p>EP-B1.10-Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.).</p>	<p>EP-B1.4- Identificar, describir e representar o entorno natural e artificial.</p>	<p>EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.</p> <p>EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.</p>	<p>CCL CCEC</p>
j	<p>EP-B1.11-Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes</p>	<p>EP-B1.5-Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).</p>	<p>EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.</p>	<p>CCEC CAA</p>
<p>Bloque 2: Expresión artística</p>				

j,b	<p>EP-B2.1-Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.</p>	<p>EP-B2.1-Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran o linguaxe visual.</p>	<p>EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.</p> <p>EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.</p> <p>EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.</p> <p>EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.</p>	CCEC CAA
j,b	<p>EP-B2.2-Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo.</p>	<p>EP-B2.2-Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.</p>	<p>EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.</p> <p>EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.</p>	CCEC CSC

j,b	<p>EP-B2.3-Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc.</p> <p>EP-B2.4-Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares.</p>	<p>EP-B2.3-Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.</p>	<p>EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.</p> <p>EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.</p>	CCEC CAA
j,g	<p>EP-B2.5-. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.).</p> <p>EP-B2.6-Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume.</p>	<p>EP-B2.4-Utilizar as súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.</p>	<p>EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.</p> <p>EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.</p> <p>EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.</p>	CCEC CAA
j,h	<p>EP-B2.7-Exploración visual e táctil da figura humana.</p>	<p>EP-B2.5-Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.</p>	<p>EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.</p>	CCEC CMCT

j,i	EP-B2.8-Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.	EP-B2.6-Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	CCEC CD
a,j	EP-B2.9-Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. EP-B2.10-Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais.	EP-B2.7-Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	CSC
a	EP-B2.11-Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. EP-B2.12-Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas.	EP-B2.8-Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	CSC

4.Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis e grao mínimo de consecución para superar a materia.

A definición dos estándares imprescindibles adquire gran importancia non só á hora de decidir se un alumno/a supera ou non unha determinada área, senón tamén no deseño dos procesos de apoio, reforzo e recuperación ao alumnado.

En definitiva, os estándares de aprendizaxe determinan ata que punto se logra (ou non) un criterio de avaliación, cuantificando a consecución dos obxectivos e, deste xeito, o éxito alcanzado no proceso de ensino-aprendizaxe.

5. Actividades e Temporalización

As actividades están plantexadas reflexionando sobre as capacidades que queremos desenvolver e en función dos obxectivos propostos e relacionados directamente coas competencias clave; asemade, o xeito de organizar as mesmas responden ós principios metodolóxicos marcados na programación. Consideraremos tódolos ámbitos de experiencia, intereses e necesidades dos nenos/as, para decidir nun principio cales son as máis axeitadas para desenvolver os obxectivos e os contidos.

En canto os criterios a ter en conta no seu deseño, han de ser significativas, que teñen interese para o alumno/a que participen e lles motiven, que supoñan un reto para a súa competencia persoal.

Por outra banda que potencie a relación entre iguais, nun clima cálido e acoledor, establecendo actividades individuais, de pequeno grupo, de gran grupo...empregando dinámicas baseadas na aprendizaxe cooperativa.

Procurar no seu desenvolvemento a participación de distintos membros da comunidade educativa.

Temos en conta tamén os espazos, materiais e recursos que se van a empregar.

As actividades que se realizarán estarán pensadas para o máximo cumprimento dos distintos obxectivos marcados para as áreas.

No que se refire a temporalización estará distribuída do seguinte xeito:

Nas áreas de matemáticas, Lingua española, Lingua galega, Ciencias sociais e Ciencias naturais a temporalización será de tres libros por cada trimestre, quedando un libro para cada mes que inclúe todas estas materias.

Partimos de que a temporalización está suxeita a modificacións, adaptándose á nosa metodoloxía para traballar as unidades, aos diferentes ritmos do alumnado, así como aos proxectos que se realicen no centro.

6. Procedementos e instrumentos de avaliación.

No capítulo II, do decreto 104/14 do 5 de setembro, concretamente no artigo 12 fálase da avaliación

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos I, II e III deste decreto.

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

6. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

7. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

8. Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos I, II e III deste decreto.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e os alumnos e

as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

9. Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

10. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine. En relación cos centros docentes concertados atenderase á normativa reguladora do concerto correspondente.

A avaliación non se pode proxectar a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática e por iso farase:

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu **comezo**.
- **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao finalizar o currículo, na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.
- *Instrumentos de avaliación.*

A nosa avaliación estará baseada principalmente na **observación directa** e **sistemática**, empregando para isto diversos instrumentos. Como son **as listas de control**, tendo en conta os obxectivos que se pretenden alcanzar coa posta en marcha da programación; con **escalas de observación**, onde determinaremos un listado de trazos a observar, cunha determinada graduación do nivel de consecución; e a través dun **registro anecdótico**, anotando por alumno, a data do suceso, o suceso e a interpretación do mesmo, co fin de avaliar o mellor posible aos alumnos e atender as súas necesidades.

Pero tamén valerémonos da súa actitude no desenvolvemento das distintas actividades, da súa capacidade para expresarse, da súa actitude cara os demais compañeiros... así como do traballo recollido no seu caderno e nos diferentes traballos, proxectos, murais...

Polo que o noso proceso de avaliación será continuo, recollendo datos en todo momento e situacións, para realizar unha avaliación precisa do noso alumnado.

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

7. Metodoloxía.

Trataremos de seguir unha metodoloxía construtiva, achegándonos á realidade dos nenos e ás súas diferenzas individuais, tentando que o alumnado interprete as ensinanzas e que a través das actividades planificadas poidan establecer múltiples relacións significativas entre o que saben e as novas aprendizaxes, tentando que superen as súas limitacións e respectando sempre os procesos individuais de aprendizaxe, así como os factores afectivos e cognitivos que incidan neles/-as.

A metodoloxía nas sesións será globalizadora, seguindo as pautas metodolóxicas que a LOMCE nos transmite, participativa e todo o lúdica que se poida, fomentando nos nenos/as a exploración, o descubrimento, a creatividade e a valoración das propias posibilidades. Conseguido deste modo incluír o factor de motivación necesario para que os nenos/as se involucren no proceso de aprendizaxe.

Podemos resumir os principais principios de intervención educativa nos seguintes

- Asegurar a construción por parte do alumnado de aprendizaxes significativas.
- Considerar a actividade como a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento. Na aula levaranse a cabo actividades e experiencias de distintos tipos segundo a súa finalidade: actividades previas e de motivación, actividades dirixidas, actividades de investigación, semiconducidas...
- Promover dentro da aula un clima de seguridade e confianza, atendendo ás individualidades pero sen perder de vista a colectividade.
- Potenciar a socialización dos alumnos/as dentro do grupo clase para que tamén acaden as pautas necesarias para a socialización nos grupos sociais do seu entorno.

8. Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.

Entendemos por recurso todo aquilo que utilizamos coa intención de favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe. Teñen diferentes funcións dependendo da utilización que se faga deles:

- Proporcionar información a través de libros, vídeos, programas informáticos, etc.
- Servir de orientación ao alumnado axudándolles a organizar a información, a relacionar conceptos, a aplicarlos, a crear outros novos, etc.
- Motivar, despertar e manter o interese. Un bo material didáctico sempre debe resultar motivador para o alumnado.
- Incrementar a aprendizaxe e facela máis significativa.
- Facer que o alumnado aprenda co menor esforzo e maior rapidez posible.

Traballaremos con recursos materiais, con material curricular (material e instrumentos de axuda para o proceso de E/A como guías e libros de editoriais, revistas, documentos oficiais, páxinas web, libros de texto aprobados no centro fichas, mapas mentais,...), taboleiros didácticos, materiais manipulativos, materiais audiovisuais (imaxes, material sonoro, etc.), material informático e audiovisual (actividades temáticas, presentacións multimedia, enciclopedias, etc.), servizos telemáticos (páxinas web, blog, enciclopedias, etc.), vídeos interactivos, materiais de expresión artística etc.

O entorno proporciona gran riqueza de recursos, que aproveitaremos nas nosas saídas e nas experiencias que aportan os/as alumnos/as. As familias, aportan material propio, como poden ser álbumes de fotos, material de refugallo, envases, experiencias, escritos, etc. elaboración de material específicos en función dos contidos e da metodoloxía a aplicar.

O propio alumnado, elabora material propio para exposicións, elaboración de material audiovisual para divulgación e consolidación do aprendido, material específico para recoller medicións, observacións...

En canto aos recursos humanos tiven en conta o departamento de orientación xa que colabora na detección e prevención de problemas de aprendizaxe e orienta tanto aos alumnos/-as, mestres/-as e familias nos ámbitos persoal, psicopedagóxico e profesional; as familias, existe colaboración na obtención de información para propostas de traballo na escola, na educación directa dos seus fillos/-as, proporcionándolles recursos que os mestres/-as consideran necesario para o seu proceso de ensino-aprendizaxe; os alumnos/as a través de titorías individuais proporcionan información sobre o seu proceso de ensino aprendizaxe, das súas dificultades, dos seus intereses,... os mestres do equipo docente que a través da avaliación recolleemos información necesaria e relevante.

9. Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.

Nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais), Relixión e Atención Educativa:

<i>Elementos avaliables</i>	<i>Puntuación máxima</i>
Nivel de lectura e escritura Traballo individual e en grupo Tarefas realizadas no colexio Atención, interese e aplicación do aprendido Intervencións na aula Probas de avaliación escritas ou orais	60%
Fichas e cadernos de aula	10%
Cumprimento das normas	20%

Valores de convivencia (respeto, tolerancia, colaboración, empatía, cooperación...)	10%
---	-----

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no artigo 6 para a promoción de curso e etapa:

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
5. O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

A valoración dos seguintes aspectos contribuirá a reflexionar sobre a nosa práctica docente e deste xeito tomar as decisións e medidas oportunas.

<i>Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar</i>				
	1	2	3	4

Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe.				
Determináronse os estándares prioritarios.				
Establecéronse os mínimos de cada estándar.				
Deseñouse a avaliación inicial e actuouse en consecuencia.				
Medidas de atención á diversidade.				
Seguemento dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Variedade metodolóxica				
Emprego das TIC				
Estratexias de animación á lectura				
Foméntanse espazos para a expresión escrita, oral e artística.				
Análise dos instrumentos de avaliación				
Análise dos recursos didácticos				
Coordinación co profesorado				
Participación coas familias				
Actividades complementarias e extraescolares				

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no punto 4.3 que:

“Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.”

Tendo en conta isto, debo partir de que continuo co mesmo grupo de alumnos e alumnas, feito que facilita o seguimento dos mesmos/-as.

Os primeiros días levei a cabo unha avaliación que consistiu nunhas probas escritas, lingüísticas e matemáticas.

Analizando o grupo e os resultados, valorei como organizar a aula e as estratexias metodolóxicas que levaría a cabo. A orientadora, a mestra de Pedagogía Terapéutica e a súa titora do curso anterior tamén me aportaron recomendacións para traballar na aula.

12. Medidas de atención á diversidade.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

A resposta axeitada á diversidade supón estruturar situacións de aprendizaxe o suficientemente variadas e flexibles que permitan desenvolver, no maior grao posible, o conxunto de capacidades que sinalan os obxectivos das distintas etapas educativas. Aspectos como a capacidade persoal, estilos de aprendizaxe, intereses individuais, historial escolar... perfilan o concepto de diversidade e determinan as necesidades educativas que cada alumno plantexa e sinala a resposta educativa máis axeitada, debendo conseguir que os métodos de ensinanza se adapten ás características de cada alumno, así como procedendo a unha diversificación dos procedementos e estratexias instrucionais para os diferentes momentos do deseño e posta en práctica da acción educativa.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias e extraescolares teñen unha gran importancia e beneficios:

- Alivio do estrés e rutina.
- Socialización, cooperación e sentimento de pertenza ao grupo.
- Descubrimento de habilidades.
- Desenvolvemento da conciencia social.
- Fomento da creatividade.

Participamos dos dous tipos de actividades:

As celebracións escolares nas que participamos son:

- Festas do outono (Samaín e magosto)
- Festival de Nadal.
- Entroido.
- Semana da Prensa.
- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar para este ano 2020-2021.

Semana do libro.

- Letras Galegas.
- Celebración do Fin de Curso.

As saídas e actividades complementarias previstas para este ano son as seguintes, aínda que se poderán realizar outras non contempladas e mesmo algunha substitución das previstas:

TRIMESTRE MES CELEBRACIÓN/ SAÍDA

1º Trimestre

Outubro:

- Samaín.
- Día das Bibliotecas escolares.

Novembro:

- Magosto.
- Día contra a violencia de xénero.

Decembro:

- Festival de Nadal

2º Trimestre

Xaneiro:

- Día da paz.

Febreiro:

- Entroido

Marzo:

- Día da muller traballadora.
- Semana da Prensa
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor

3º Trimestre

Abril:

- Día Mundial da Saúde
- Día do Libro

Maio:

- Semana das Letras Galegas
- Día de Europa

Xuño:

- Día Mundial do Medio Ambiente
- Turonia
- Festival de fin de curso

Debido a situación actual causada polo Covid estas actividades serán realizadas a nivel de titoria, e algunhas valoraránse de levalas a cabo, dependendo da evolución da pandemia.

14.Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso ao finalizar cada trimestre propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia programación.

ASPECTOS A AVALIAR	A	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización				
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos				
Manexo dos contidos na unidade				
Descritores de desempeños competenciais	e			
Realización de tarefas				
Estratexias metodolóxicas				
Recursos				
Claridade nos criterios de avaliación				
Uso de diversas ferramentas de avaliación				
Atención á diversidade				

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia sinala no seu artigo 6 relativo á promoción de curso e de etapa:

3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as

nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

15 .Plan e actividades de reforzo/recuperación para alumnado que repite ou promociona con algunha materia pendente.

Dende a titoría estableceréi os reforzos para o alumnado que así o precise para incidir de maneira máis precisa naqueles aprendizaxes de carácter máis instrumental.

En principio trataríase dunha medida de carácter temporal ata que se adquiran as aprendizaxes que se van a reforzar.

Así mesmo no caso de ser preciso terán un reforzo máis específico por parte das mestras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

16 . Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia.

Resulta necesario establecer un **Plan de Lectura** que impulse as actividades relativas á promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos estándares de avaliación e ao grao de adquisición das competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo, que favoreza a súa práctica diaria por todo o profesorado en todas as áreas dun modo eficaz.

A lectura intentarase que estea presente en todas as áreas da Educación Primaria. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua Galega/Castelá e Literatura, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e servirán para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Obxectivos:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Usar as bibliotecas (de centro e de aula) para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Actividades:

É moi importante a elección dos textos cos que se vai traballar. Estes deben ser motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

Na biblioteca de aula hai dous tipos de libros, de consulta e narrativa, os primeiros son para búsqueda de información e préstamo aos interesados e os segundos empregaranse ao remate doutras tarefas, usándos tamén para elaborar fichas sobre os mesmos.

Tódolos días adicaremos unha sesión de 20 minutos a lectura na aula, lectura libre de calquera libro, cómic, revista que eles mesmos escollan.

Medidas para a incorporación das TIC ao traballo na aula.

As tecnoloxías da información e a comunicación constituen unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

Obxectivos:

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

As formas máis habituais de utilización das novas tecnoloxías na aula son as que se detallan a continuación:

Actividades:

Uso do ordenador para mellorar a exposición dos contidos ao ilustrar con maior claridade algúns conceptos e presentalos de forma máis atractiva. Ao mesmo tempo, coa utilización das novas tecnoloxías pódese mellorar a motivación cara á aprendizaxe da materia e cara ao uso de recursos informáticos.

Transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as novas tecnoloxías. Os contidos elementais que se deben desenvolver na aula son:

- Utilización dos compoñentes básicos do contorno gráfico do ordenador.
- Apertura e peche de aplicacións.
- Creación dun documento novo.
- Gravación e recuperación de documentos.
- Acceso á información contida nun CD.
- Acceso a páxinas web.
- Impresión de documentos.
- Utilización do disco duro e uso de dispositivos externos.
- Utilización dun navegador.
- Utilización de bases de datos sinxelas. Edición de documentos mediante procesadores de texto.
- Elaboración de presentacións multimedia ou páxinas web sinxelas.
- Utilización dun buscador.

Estas actividades realizaranse fundamentalmente coa colaboración do Equipo de dinamización das TIC.

- Exercicio mediante programas educativos.
- Aprendizaxe por investigación. Trátase de fomentar a aprendizaxe activa e o máis autónoma posible por parte do alumnado, que recursos utilizar, como seleccionar e elaborar a información atopada, como organizar e repartir o traballo entre os membros do grupo, como presentar o produto resultante, etc.

Esta modalidade de traballo supón un modelo educativo valioso en si mesmo, que se enriquece aínda máis coa incorporación das TIC.

Acudimos unha sesión semanal prefixada a aula de informática onde traballamos os contidos vistos nas unidades.

Contribución ao Plan de Convivencia.

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión constructiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenrolo de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, duns bos cauces de comunicación e da prevención de problemas de conducta. Para elo elaboráronse unhas regras de boa convivencia e unha normativa, que deben regular o funcionamento do colexio.

A convivencia debe desenrolar contidos que contribúan á formación do alumnado porque entendemos que forma parte da aprendizaxe, por iso a convivencia non é unha mera aplicación de medidas disciplinarias senón un dos obxectivos da educación. Para conseguir unha boa convivencia e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar estas conductas.

Dende cada área buscamos o desenvolvemento de catro tipos de aprendizaxes:

- *aprender a facer,*
- *aprender a coñecer,*
- *aprender a convivir*
- *aprender a ser.*

O traballo que deseñamos en torno a eles, intégranse dentro da *competencia social e cívica*. Para mellorar no alumnado as habilidades desta competencia traballaremos a prol do desenvolvemento das seguintes capacidades:

- coñecerse e valorarse,
- saber comunicarse en distintos contextos,
- expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar das outras persoas e comprender o seu punto de vista, aínda que sexa diferente do propio e tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.

A valoración das diferenzas, o recoñecemento da igualdade de dereitos, a práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social son principios fundamentais para a consecución da mesma.

17. Consideracións específicas no caso de interrupción da actividade lectiva presencial.

Nos supostos regulados polas Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo “Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública” (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, en caso da interrupción da actividade lectiva iniciarase o ensino a distancia empregando diferentes recursos como libros de texto e material que lle faremos chegar aos alumnos/as mediante a páxina web do colexio ou por outros medios de comunicación establecidos pola Consellería de educación.

As metodoloxías de traballo empregadas durante a fase non presencial poderán ser as seguintes:

- Globalización e Interdisciplinabilidade: Daráselles aos contidos un enfoque global e interdisciplinar relacionando cada bloque entre si e coas demais áreas do currículo.

- **Inclusión:** Lograrase, non só grazas aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, senón debido a que a información será presentada de forma visual, auditiva e interactiva.
- **Accesibilidade:** Tendo sempre presente a premisa do acceso universal aos recursos e materiais.
- **Gamificación:** Facilitando ao alumnado unha serie de aplicacións dixitais, ben xa existentes (mundoprimary.com) ou ben creadas polo profesorado.

Co obxectivo de proveer tanto a igualdade de oportunidades como o dereito á educación do alumnado, porase especial atención a que todo o alumnado dispoña dos medios, tanto hardware como acceso á rede. Naqueles casos nos que as familias non dispoñan de medios, de ser posible, activaranse mecanismos compensatorios e, deste xeito, farase chegar ás familias dispositivos dixitais ou dotadas de acceso á rede e, de resultar imposible, o traballo seguirá como guía a organización do libro de texto segundo as pautas que o profesorado poida establecer a través da aplicación de mensaxería Abalar Móbil así como doutros medios (teléfono ou mensaxes de texto). Por outra banda intentarase dar resposta ás dificultades na competencia dixital para facer posible o acceso universal a estes recursos.

Do mesmo xeito e para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado realizarase un seguimento das actividades a través das entregas de tarefas a través dos diversos medios citados anteriormente.

18. Profesorado que imparte docencia no grupo

Este curso en 2º de primaria ademáis das áreas instrumentais que imparte a titora, outros mestres imparten materias, a continuación o detallamos:

Área de Plástica ,Música e Valores Sociais e Cívicos- mestre: Iván Suárez Prada.

Área de Inglés - mestra: Tamara Fernández Aмосa.

Área de Educación Física- mestra: Begoña Martínez López.

Área de Relixión- mestra: M. Luz Álvarez Álvarez.

Mestra de pedagogía terapéutica: Cristina Abalde Martínez.

Mestra de audición e linguaxe: M.Isabel Lorenzo Fernández.